

Autismo Galicia

Unha rede de servizos específicos e especializados para as persoas con trastornos do espectro do autismo

Unha rede de servizos



Financiado por:



 POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL

SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval, N° 74
15703 Santiago de Compostela

CENTRO DE RECURSOS

Avda. Rodríguez de Viguri, N° 35
15703 Santiago de Compostela

Tlf. 981 589 365 Fax. 981 589 344
info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org



Que son os trastornos do espectro do autismo?



Son trastornos do desenvolvemento que se manifestan nos tres primeiros anos e persisten ao longo de toda a vida.

Afectan aproximadamente a 1 de cada 150 nacementos, sendo máis frecuente no sexo masculino nunha proporción 4 a 1.

Como detectalos



O diagnóstico precoz e a atención temperada son fundamentais no desenvolvemento da persoa con autismo, polo que débese consultar a un especialista se se detectan os seguintes comportamentos:

- Non mantén o contacto ocular
- Non responde ao seu nome
- Non sinala obxectos nin comparte os seus intereses
- Non mostra interese por relacionarse con outras persoas
- Presenta movementos repetitivos
- Ri ou chora sen motivo aparente
- Ten reaccións pouco apropiadas ante estímulos sensoriais
- Non ten xogo simbólico nin imitativo
- Presenta alteracións na fala, dende falta de linguaxe ata unha linguaxe non acorde á súa idade

A Federación Autismo Galicia



Quen somos:

Unha agrupación de entidades que ten como misión mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e as súas familias.

O noso ámbito de actuación é autonómico, somos unha entidade declarada de utilidade pública, inscrita nos Rexistros de Asociacións co número 95-2, de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (E-948) e no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria (O205).

A Federación Autismo Galicia é o referente a nivel autonómico para as persoas con TEA e as súas familias, gracias á especificidade dos servizos e intervencións, deseñados por profesionais especializados para axustarse ás necesidades deste colectivo.

A nosa actuación baséase nos principios de **transparencia informativa, participación, solidariedade, igualdade e democracia interna** e defendemos os seguintes valores:

- A consideración da persoa con TEA como suxeito de dereitos e deberes en igualdade de condicións.
- Máxima calidade nas entidades e servizos.
- Importancia da familia en todos os programas orientados á intervención coas persoas con TEA.
- Colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

Eixes estratéxicos



Incidencia política e social, promoción e defensa dos dereitos das persoas con TEA das súas familias:

Accesibilidades para todos
Participación social
Defensa dos dereitos do colectivo das persoas co TEA

Promoción do coñecemento, detección e desenvolvemento de programas de intervención e atención específica para persoas con TEA e as súas familias:

Visibilidade do colectivo
Inclusión educativa, social, sanitaria
Apoio a familias

Promoción, formación e inclusión sociolaboral das persoas con TEA:

Igualdade de oportunidades
Redes de colaboración
Itinerarios de inserción laboral

Innovación, investigación e transferencia de coñecemento:

Cooperación coas universidades
Promoción da investigación e participación en proxectos de innovación
Divulgación e fomento do coñecemento social

